

Medallas de ouro, fillas e fillos predilectos e adoptivos

Delegado do Goberno

Expresidente da Xunta

Reitor

Directora xeral da Administración local

Autoridades relixiosas e militares

Representantes de grupos políticos

Membros da Corporación municipal e exalcaldes de Compostela

Persoas homenaxeadas e familiares

Veciñas e veciños

Obrigada, antes de máis nada, a Javier Otero pola música, a M^a Dolores Porto Conchado pola interpretación a lingua de signos, e a Soledad Felloza pola presentación e guía deste acto.

Compostela é unha cidade xenerosa. É xenerosa nunha historia longa e intensa. É xenerosa nunha riqueza patrimonial única. É xenerosa en beleza, en tradición, en literatura. Mais tamén é xenerosa por ser berce e territorio de multitude de figuras fundamentais para a nosa historia, persoas de referencia en diversidade de ámbitos, homes e mulleres queridas e admiradas.

Permítanme que hoxe comece a miña intervención neste acto lembrando un deses nomes que compoñen esta dilatada historia. Trátase de Francisco Vázquez Díaz, artista nacido nesta cidade en 1898 que faleceu noventa anos despois en San Juan de Puerto Rico, tras pasar boa parte da súa vida nunha América que o acolleu na súa condición de exiliado.

Abofé que por Francisco Vázquez Díaz case ninguén identificará este singular artista porque foi precisamente *Compostela* o nome co que se deu a coñecer como xenial creador. Non é marabilloso que alguén decida chamarse, e chamarse artisticamente

Compostela? Non é realmente fermoso que un artista asine as súas obras co nome da nosa -da súa- cidade?

Pois traio hoxe a este Teatro Principal a *Compostela* por tres razóns:

1) A primeira porque os homes e mulleres que nesta sesión homenaxeamos teñen moito a ver coa súa figura, polo amor que mostraron e mostran ao noso concello, polo recoñecemento de seren parte dunha terra e a xente que a habita; pola admiración que tantas persoas lle rendemos.

2) A segunda das razóns é porque *Compostela* ten unha colección de debuxos, humilde, con trazos de liña e cor, en que retrata a vida da nosa cidade...as persoas que van e veñen polas súas rúas, os personaxes que crean as historias que se producen cada día neste espazo vivido, o estudantado que pasea, as excursións que se abraian coa beleza das rúas e monumentos... Un deles, de 1935, é "O día de visita do Hospital", que nos achega a ese Hospital Real, centro da vida de Ramón Baltar e infraestrutura referente no papel dos coidados, a formación e a investigación no noso concello. Son debuxos elaborados hai arredor de noventa anos en que o *Compostela* artista retrata esa Compostela das persoas, esa cidade que queremos, con vida, con enerxía, esa en que nos atopamos cada día, e na que, como el na súa mocidade alá polos anos vinte e trinta, temos a fortuna de gozar dunha capital do mundo, o lugar de que sentimos orgullo.

3) A terceira razón é que *Compostela* -Compostela, o debuxante, seguíde o xogo- mantivo unha intensa relación co doutor Puente Castro, presidente da "Sociedade de Amigos da Arte de Compostela", unha entidade creada en 1928 por un grupo de prestixiosos artistas galegos para «o engrandecemento e desenvolvemento da arte en xeral e das clases artísticas que nela teñen a súa representación». Entre os artistas que formaron parte dela estivo Camilo Díaz Baliño, Castelao ou Carlos Maside, quen influíu de maneira clara na vocación pola pintura de Aurichu Pereira, unha das nosas homenaxeadas.

Estes homes e mulleres que hoxe son recoñecidos polo noso Concello ben poderían chamarse tamén *Compostela*, como o brillante artista fillo dun canteiro que comezou a súa traxectoria nos obradoiros dos que saíron tanta arte, tanto patrimonio. Ben poderían tamén formar parte dos seus debuxos, dese conxunto de persoas en que, dalgunha maneira, todos e todas nos vemos reflectidas. Cantas veces, como nos debuxos de Compostela, terán atravesado estas rúas as persoas que hoxe aplaudimos neste teatro?

Subindo desde Sar, o barrio en que hai ben anos que coñezo e trato a D. José, porque non é José Porto Buceta, senón D. José quen sabe a que hora saio da casa para subir a costa que me leva diariamente ao Pazo de Raxoi, como é quen sabe o que acontece no barrio e cando hai que saír da casa para axudar a quen o precise.

Pois como dicía, subindo desde Sar até o Obradoiro, José Porto Buceta, nunha praza-corazón á beira da que naceu Ezequiel Méndez Vidal -o implicado home de acción comprometido co teatro e o audiovisual- e moi preto de onde Aurichu Pereira instalaría as súas tendas, na Rúa Nova e na Rúa de Xelmirez, uns lugares de encontro e de debate, de amizade e de cultura, tamén de intensa crítica na procura dun mundo mellor e unha Galiza dona de si.

Por eses establecementos inolvidábeis pasaría en moitas ocasións – como eu tamén pasei- Tareixa Navaza, a quen poderíamos achar calquera día durante varias décadas saíndo das sedes próximas da radio e a tele na cidade histórica converténdose nunha muller de referencia no xornalismo, de profesionalidade e perspectiva crítica, ou mesmo entrando neste Teatro no que é unha das súas máis asiduas visitantes, cinéfila como ela é. Tareixa Navaza foi, en moitas ocasións, a nosa voz, a da lingua, a do feminismo, a do país. Muller de vangarda, muller valente tamén, é, desde hai ben tempo, do mellor ouro desta cidade.

Falamos da xeografía vivida dunha cidade ampla, que abrazou o Conxo onde Luís Pasín -ese neno da guerra nacido na rúa da Espiñeira de Santa Marta- mostrou o seu lado solidario e comprometido. Para alén de ser un activista veciñal e un reivindicador da memoria histórica, Luís Pasín é das persoas que se remangan para unir as súas mans a outras e contribuír a construír cidade, como fixo defendendo o dereito á vivenda nun barrio en que se construíría un Hospital do que tanto lle debemos a un cirurxián con sentimento como foi Ramón Baltar e tan preto do instituto Eduardo Pondal onde tiven a sorte de coñecer Manuel Quintáns, escritor e investigador que confiaba nun ensino público de calidade e frecuentaba librarías por un tempo prolongado e gozosamente vivido con lentitude. Se Suso de Toro decidiu denominar a novela que versa sobre a figura do gran médico e humanista que arriscou en diferentes ocasións a súa vida polos seus ideais, Ramón Baltar, como *Un home elegante*, eu xulgo que esa denominación tamén lle acaía ben ao profesor nacido en Santa Comba mais compostelán de vocación, un amante da tradición e da linguaxe popular que convertía de maneira moi doada unha fluída oratoria en requintada prosa literaria.

Todas estas son razóns abondosas para confesarlles que hoxe para min, como alcaldesa, é un día feliz. O Concello responde á veciñanza, agradécelle o que lle debemos a uns homes e mulleres que engrandecen a nosa historia, que fan esta cidade aínda máis fermosa.

Reviso as súas traxectorias e vexo moitas cualidades que eu desexo para o noso concello. Talvez, como nos debuxos de *Compostela*, como na súa biografía, como nas nosas vidas, o tempo axuda a mimetizarnos, a sermos un pouco a cidade en que vivimos, a que ela nos acolla e nos moldee, da mesma maneira que as persoas que a habitamos facemos que ela mude un pouco cada día.

Vexo as biografías destas sete mulleres e homes e creo que é moito o que lle deron e lle dan a Compostela. A defensa dos dereitos das mulleres, do benestar social, a solidariedade con quen máis o necesita, a aposta pola sanidade e o ensino público, polo dereito á vivenda e á memoria ou a urxencia de reclamar unha voz propia están hoxe neste acto a través das súas historias de vida.

Son eles, son elas, as referencias que queremos para Santiago, son eses os valores polos que traballamos cada día, con ilusión. Son o espello en que nos reflectir.

Como alcaldesa deste Concello podo dicirles que estou orgullosa destas persoas que hoxe reciben as medallas de ouro da nosa cidade e a consideración de fillos e fillas predilectos e adoptivos.

Cando hai menos dun ano chegaba á alcaldía, no meu interior vibraban uns valores que tiña como obxectivo defender para o futuro próximo desta cidade. Boa parte deses valores están nestes homes e mulleres que nos axudan hoxe a albiscar un horizonte fermoso, se entre todas e todos somos quen de sumar esforzos por esa Compostela que tanto nos importa, por ese concello que sabe ser vangarda, que sabe defender os seus intereses, que se presenta ao mundo con orgullo e identidade de seu.

Quen queremos Santiago non podemos menos de alegrarnos porque sete homes e mulleres que tanto fixeron sumen os seus nomes ao libro de ouro da cidade. Comprométome a que, en diante, moitas máis persoas se incorporen a esta honrosa listaxe, a procurar a historia e as historias que ficaron borradas no pasar do tempo, a traer ao presente nomes dun pasado que precisamos coñecer, a, en fin, recuperar a nosa memoria porque será tamén unha maneira de coñecernos e querernos máis. Santiago, a cidade histórica, ten que ser un concello con memoria, a máis antiga mais tamén a recente, a que está aínda nas lembranzas das que viven neste territorio.

Coma ben saben, nun goberno municipal, todas as semanas hai momentos difíciles, decisións que tomar, problemas que aparecen sen contar con eles, ideas que xorden sen medios ás veces para desenvolve-las..., en fin..., multitude de cuestións que, como imaxinarán, lévannos moitos días a respirar profundamente e tomar aire para continuar.

Hoxe, o día amenceu soleado, no Teatro adivíñanse caras que sorrín e un intenso cariño por estes sete veciños e veciñas. Pola mañá víñanse-me á cabeza e pensaba que esta cidade e a súa xente paga moito a pena, que é capital dun país que sabemos grande, que acolle e é solidaria, que é historia e tradición, e tamén vangarda..., que é unha fortuna ser parte da súa veciñanza e unha honra inmensa ser a súa alcaldesa. Con este acto queremos abrir un tempo de homenaxe e recoñecemento, de abrazar a quen tanto agradecemos, de lembrar tamén a quen xa non lle podemos dicir que esta cidade é mellor tras o seu paso por ela.

Inmensas grazas José, Ezequiel, Aurichu, Ramón, Manuel, Tareixa e Luís por formar parte da constelación do mellor de Compostela, este concello que hoxe está representada neste Teatro por veciños e veciñas que vos aplauden e homenaxean.

Son eles, son elas, as que dan vida a esta cidade pola que pasan os séculos, son eles e elas as que hoxe rememoran o voso compromiso, amor e xenerosidade. Por formardes parte dun camiño colectivo con moito traxecto feito mais con moito futuro por vir.

Contamos convosco, coas persoas homenaxeadas que hoxe nos acompañades e coas que quixeron estar ao voso carón, e coas que non están, coa súa obra e legado, e coa enerxía que transmitides as que a representades. Insisto en que este é un exercicio de recoñecemento e memoria mais tamén de futuro e de identidade colectiva.

Velaquí a Compostela que queremos, unha Compostela que recupera a súa memoria, que se lembra de quen axudou a construíla, que ten orgullo de si propia e defende os seus dereitos.

Obrigada